

II Premio de Poesía para nenos CIUDAD de ORIHUELA

PEDRO MAÑAS GAÑA O II PREMIO DE POESÍA PARA NENOS 'CIUDAD DE ORIHUELA'

A editorial galega Faktoría K publicará a obra gañadora, "Ciudad laberinto", que competiu con outros 153 traballos



Xurado do II Premio de Poesía Infantil Ciudad de Orihuela

A obra titulada "Ciudad laberinto", de Pedro Mañas Romero, é a galardoada co II Premio Internacional de Poesía para Nenos 'Ciudad de Orihuela'. O certame, convocado pola Concellería de Educación do Concello de Orihuela (Alicante) e pola editorial galega Faktoría K, ten unha dotación económica de 7.000 euros -a maior contía para concursos deste xénero a nivel estatal- e conleva a publicación do traballo en torno ao 21 de marzo de 2010, con motivo do Día Mundial da Poesía.

Pedro Mañas (Madrid, 1981) é licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade Autónoma de Madrid. Ademais do traballo como autor, destaca a súa faceta teatral, realizando montaxes para público infantil e adulto coa súa compañía 'La cama sin hacer', fundada en 2006. Gañou diversos certames literarios: o Premio de Narrativa Breve (2004) da Universidade Autónoma de Madrid, o XXVI Concurso de Narrativa Infantil Vila d'Ibi (2007) da editorial Anaya, o XII Premio de Literatura Infantil 'Leer es Vivir' (2008) da editorial Everest e o III Premio de Poesía Infantil 'El Príncipe Preguntón' (2009) da Deputación de Granada e da editorial Hiperión.

O xurado do II Premio Internacional de Poesía para Nenos 'Ciudad de Orihuela' estivo formado polo primeiro tenente alcalde do Concello de Orihuela, Antonio Rodríguez Barberá; o escritor e editor Emilio Pascual, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil; a directora da Biblioteca Pública Municipal de Cocentaina (Alicante), Dolors Insa; a directora do Colexio Público Virgen del Belén, de La Aparecida-Orihuela, Ana María Cayuelas; Beatriz Osés, gañadora da primeira edición deste certame coa obra "El secreto del oso hormiguero"; e Xosé Ballesteros, en representación de Faktoría K de Libros.

Os membros do xurado acordaron por unanimidade que "Ciudad laberinto" sexa a gañadora do II Premio Internacional de Poesía para Nenos 'Ciudad de Orihuela' pola "boa construción" deste poemario. Trátase "dun debuxo da cidade, coa suficiente cercanía -non exenta de distanciamento- para que o lector recoñeza o ámbito urbano, que se presenta con plasticidade e humor", segundo as conclusións. Tamén o definen como un traballo "moi creativo, con toques saudablemente críticos, que ten imaxinación e realismo, e consegue que todas as pezas encaixen nunha atmosfera sensorial de grande orixinalidade".

154 TRABALLOS PRESENTADOS

O fallo do premio coincidiu co día no que se celebraba o 99º aniversario do nacemento do poeta Miguel Hernández (1910-1942). Arredor da súa figura organizáronse multitude de actividades no marco do Ano Hernandiano Orihuela 2010. En homenaxe ao autor oriolano, e para impulsar a creación, a publicación e a lectura de poesía infantil, o Concello de Orihuela e Faktoría K apostaron por crear este certame de carácter anual, que aspira a converterse nun referente no mundo hispanofalante.

A esta segunda edición presentáronse 154 traballos procedentes de numerosos puntos de España e Latinoamérica. A obra gañadora será editada por Faktoría K e distribuirase en Europa e América. A editorial tamén a promocionará nas feiras do libro máis importantes a nivel internacional, como Liber (España), Boloña (Italia), Bos Aires (Arxentina), Frankfurt (Alemaña) e Guadalaxara (México).

A decisión do xurado deuse a coñecer nun acto institucional celebrado na sé da Fundación Miguel Hernández, en Orihuela.